

Ferrín.

## Méndez Ferrín

18.1.85  
102

Diante da acusación feita polo Sr. Augusto Assía, no diario LA VOZ DE GALICIA, do día 12 de xaneiro, ao escritor Xosé Luis Méndez Ferrín, onde se lle trata de «pro-terrorista», a Asociación de Escritores en Língua Galega, quere manifestar ante da opinión pública, a súa total repulsa polo que considera unha difamación exercida contra un dos membros da nosa Asociación.

A AELG, considera asimesmo indignante a actitude dos responsábeis do diario LA VOZ DE GALICIA, que permiten ao Sr. Augusto Assía usar as páxinas deste xornal como plataforma para insultar descaradamente e difamar ao pobo galego, á cultura galega, e a personalidades indiscutíbeis, tanto literaria como humanamente, tal como é no caso do escritor Xosé Luis Méndez Ferrín.

A Asociación presentará ante os tribunais unha querella contra o Sr. Augusto Assía, e tomará en assemblea, as medidas que considere oportunas diante de situacións que infravaloren ou insulten a algún dos seus socios.— Alfonso Pexegueiro, secretario da Asociación de Escritores en Língua Galega.